



Expediente: 79712 / 250

**CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO DOS
SERVIZOS DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E ENTREGA A
XESTOR AUTORIZADO DOS RESIDUOS PROCEDENTES DE
CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN XERADOS POLO TALLER
DO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS DO CONCELLO DE VIGO**

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES





**PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES PARA A
CONTRATAÇÃO POR PROCEDIMENTO ABERTO DOS SERVIZOS DE
RECOLLIDA, TRANSPORTE E ENTREGA A XESTOR AUTORIZADO DOS
RESIDUOS PROCEDENTES DE CONSTRUCIÓNS E DEMOLICIÓNS XERADOS
POLO TALLER DO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS DO CONCELLO DE VIGO**

1. 1 OBXECTO DO PREGO

O obxecto do presente prego é establecer as condicións técnicas específicas para dos servizos de recollida transporte e entrega a xestor autorizado dos residuos procedentes de construción e demolición xerados polo Taller do Servizo de Vías e Obras do Concello de Vigo, así como dos excedentes nas obras de terras e rochas non contaminadas, das utilizadas para a restauración, acondicionamento, recheo ou con fins de construción, non consideradas como residuos de acordo co Art. 3 do Decreto 174/2005, de 9 de xuño polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

2. 2 TIPOLOXIAS ESPECIFICAS DOS RESIDUOS A XESTIONAR

Relaciónanse os posibles residuos de construción e demolición xerados na obra, codificados atendendo á Orde MAM/304/2002, de 8 de febreiro, pola que se publican as operacións de valorización e eliminación dos residuos, segundo a Lista Europea de Residuos (LER) aprobada pola Decisión 2005/532/CE, dando lugar aos seguintes grupos:

- GRUPO I: Terras e materiais pétreos, non contaminados, procedentes de obras de escavación, no considerados residuos segundo o artigo 3.1.a do Decreto 174/2005, de 9 de xuño polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.
- GRUPO II: Residuos xerados principalmente nas actividades propias do sector da construción e demolición, incluídos na lista de residuos da ORDE MAM/304/2002 de 8 de febreiro, "epígrafe 17 Residuos de construción e demolición, en concreto os que figuran no ANEXO I do presente prego.

	Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 30/11/2017 14:20	Páxina 2 de 5
	Expediente 79712/250	CSV: 2BEC4-8C5C5-4E5E3-82322	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



3. ÁMBITO TERRITORIAL

O contrato abarca os servizos de recollida transporte e entrega a xestor autorizado dos residuos producidos en obras realizadas polo Taller de Vías e Obras na totalidade do Termo Municipal de Vigo.

4. EXECUCIÓN ESPECIFICA DOS SERVIZOS E CRITERIOS DE APLICACIÓN.

A carga no camión de transporte dos residuos a recoller e transportar, realizarase con maquinaria municipal.

No caso de que o responsable do contrato o indicase, o adxudicatario obrígase a facilitar contedores para o acopio provisional dos residuos, sen custo ningún os dez primeiros días laborais.

Se transcorridos dez días laborais, o contedor non fose retirado para o seu transporte, aboarase os días laborais sucesivos ao prezo que figura no cadro de prezos do ANEXO I, ata o momento da súa retirada.

5. CONCEPTOS ESPECIFICOS INCLUÍDOS NOS PREZOS

Os prezos inclúen todas as operacións necesarias para a xestión dos residuos de construción e demolición que figuren no cadro de prezos e terras non contaminadas producidos. A xestión inclúe as seguintes actividades: a recollida dos residuos na propia obra ou onde indique o responsable do contrato, asumindo a titularidade dos mesmos, o seu transporte, se fose necesaria a súa clasificación e almacenamento e, no seu caso, a súa valorización e a súa eliminación.

6. CRITERIOS PARA VALORACIÓN E CUANTIFICACIÓN DOS RESIDUOS RECOLLIDOS E CERTIFICACIÓN DE EXECUCIÓN DE SERVIZO.

Os prezos que figuran no Anexo I contéplanse en euros/Tn.





Para a medición correspondente, cubicarase o contenedor no que se vai transportar os residuos, e deberá ser aceptado a súa enchedura ou volume parcial pola persoa autorizada do Taller de Vías e Obras, emitíndose un resgardo coa valoración en Tn do material recollido.

AR/nm

Vigo, na data da sinatura dixital

O enxeñeiro xefe de Vías e Obras

Agustín Rodríguez Carballo





ANEXO 1

Material segundo a Orden Ministerial MAM/304/2002	Código LER	PREZO XESTION VERQUIDO POR TM €/Tn.
RCD de Grupo 1		
1. Terras e pétreos da excavación		
Terra e pedras distintas das especificadas no código 17 05 03.	17 05 04	15,25
RCD de Grupo 2		
RCD de natureza non pétreo		
1 Asfalto		
Mesturas bituminosas distintas das especificadas no código 17 03 01.	17 03 02	21,50
RCD de natureza pétreo		
2 Formigón		
Formigóns, morteiros e prefabricados, en masa ou armado	17 01 01	17,10
3. Ladrillos, tellas e materiais cerámicos		
Materiais de formigón, ladrillos, tellas, materiais cerámicos distintos dos especificados no código 17 01 06.	17 01 07	17,10

	€/dia laborais
Aluguer contenedor 16 m3 de capacidade, euros /dias laborais que excedan de 10. (os primeiros 10 dias sen custe)	8

PREZOS SEN IVE

